

EFEGA instrúe a funcionarios e policía de Tomiño no manexo de desfibriladores

Un total de sete persoas reciben o curso oficial para a utilización de desfibriladores semiautomáticos promovido pola Concello de Tomiño.



Simulación de uso dun desfibrilador durante unha clase práctica.

28/11/2013 Un grupo de sete traballadores do concello de Tomiño entre eles axentes da policía local, efectivos de protección civil e responsabeis de instalacións deportivas, recibirán en dependencias municipais un curso o Curso Oficial de Desfibrilación Semiautomática impartido por EFEGA.

Na actualidade, a formación en materia de primeiros auxilios é moi excasa e as reciclaxes practicamente nulas. Sen embargo, son incontables as ocasións nas que un membro policial ou voluntario de protección civil se atopa unha situación de emerxencia sanitaria durante o desempeño do seu labor. A sociedade agarda que as estes efectivos saiban como responder. Porén, resulta fundamental que poidan aplicar as técnicas básicas de soporte vital en espera de recibir a axuda especializada.

Conscientes deste problema e atendendo á demanda de formación en primeiros auxilios e o manexo de desfibriladores, O Concello de Tomiño que conta xa cun desfibrilador semiautomático cedido pola Deputación de Pontevedra, encargou a EFEGA a formación do persoal municipal.

O obxectivo deste curso é conseguir que o alumnado adquira as competencias recollidas no Decreto 251/2000 onde se faculta ao persoal non médico para a utilización do DESA e a súa posterior inscrición no catálogo de persoas autorizadas para a súa utilización.

Os interesados en recibir formación pódense informar a través da páxina web www.efega.eu ou no enderezo de correo info@efega.eu.